Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 15 de decembro de 2017, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 22/2017, do 1 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das comunicacións recibidas doutras deputacións e concellos.

Asesoría Xurídica

3.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento do decreto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, do 23/11/2017, recaído no recurso nº PA 174/2017, interposto por "Reale Seguros Generales, SA" e Dª Cruz Fernández Rodríguez, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 411/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos de Santiago de Compostela, interposto por Mahía Inmobiliaria, SL, sobre taxa de recollida de lixo.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 224/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, interposto por "Inversiones Anterez, SL", sobre alleamento de parcelas no Polígono de Sabón.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 22/11/2017, recaída no recurso de apelación nº 15020/2017, interposto pola Deputación Provincial da Coruña contra a sentenza do 18/05/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, recaída no PA 312/2016, interposto por Dª María Teresa Díaz Fachal, sobre exención de imposto de vehículo de tracción mecánica.

7.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, do 20/11/2017, recaída no recurso nº PA 135/2017, interposto por don Manuel Herrero Villanueva , sobre sanción de tráfico do Concello de Ames.

8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 243/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, interposto por "Asociación de la Prensa de A Coruña", sobre reintegro parcial de subvención e interposición de sancións.

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución da Xunta Superior de Facenda da Xunta de Galicia do 06/10/2017.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, do 21/11/2017, recaída no recurso nº PA 115/2017, interposto por Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-CSIF), sobre o "Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2017-2019".

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 231/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos da Coruña, interposto por Dª María Carro Calvo, sobre a reclamación de complementos salariais.

Unidade Técnica de Normalización Lingüística

12.-Aprobación das bases específicas da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2018), de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de Normalización Lingüística (SNL) 2018.

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

13.- Aprobación das bases reguladoras do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

14.-Aprobación da liquidación provisional do complemento da produtividade correspondente ao exercicio 2017.

ROGOS E PREGUNTAS